

BOLSAS E AXUDAS DE FORMACIÓN E PRÁCTICAS LABORAIS

Orde do 10 de decembro de 2014 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de **axudas para estudos universitarios no curso académico 2014/15** de segundo e posteriores **cursos nas universidades** do Sistema universitario de Galicia. **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U. – DOG. 9 DE XANEIRO DE 2015.**

DESTINATARIOS: Alumnos e alumnas de segundo e posteriores cursos matriculados en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica nunha universidade do sistema universitario de Galicia.

PRAZO: Ata o 16 de febreiro de 2015.

+INFO: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150109/AnuncioG0164-171214-0001_gl.pdf

Bases da convocatoria de **198 bolsas de práctica laboral** na Deputación e en concellos da provincia de Pontevedra.

REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Estar en posesión do título esixido no anexo I para cada unha das bolsas convocadas na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

Estar en posesión dos títulos correspondentes ós estudos obxecto da bolsa con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2007.

Estar empadroadado en calquera termo municipal da provincia de Pontevedra con anterioridade ó 1 de xuño do ano 2014 ou acreditar unha antigüidade no padrón dun mínimo de cinco anos. Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante ou en mellora de emprego. Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos.

Acreditar o nivel Celga IV nas bolsas de titulados universitarios e o Celga III nas bolsas destinadas a ciclos superiores de formación profesional

SOLICITUDES E PRAZO: Preinscrición a través da páxina web www.depo.es.

O prazo será de **vinte días naturais**, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no BOPPO.

+ INFO:<http://www.boppo.depo.es/web/boppo/detalle/-/boppo/2014/12/22/2014021410>

Resolución do 26 de decembro de 2014 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do Programa de **bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas**, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva. (Convocatoria para 2015, máximo de 100 bolsas). [INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - DOG, 29 DECEMBRO de 2015.](#)

REQUISITOS DOS SOLICITANTES: Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións universitarias na data en que finaliza o prazo de presentación de solicitudes: Física, Enxeñaría, Matemáticas, Química, Ciencias Económicas e Empresariais, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Economía, Dereito, Bioloxía/Biotecnoloxía e Farmacia. A titulación deberá terse obtido con posterioridade á data indicada na resolución de convocatoria.

PRAZO SOLICITUDES: Comezará o 2 de xaneiro de 2015 e rematará o 10 de febreiro de 2015.

+INFO: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141229/AnuncioO92-181214-0005_gl.pdf